

Para a miña familia
B.C.

MORTIÑA

Título orixinal: *MORTINA*

Dirección de arte: Fernando Ambrosi
Deseño: Marina Bassi
Ilustracións: Barbara Cantini

© 2017 Mondadori Libri S.P.A., Milano

Este libro foi negociado a través de Ute Körner Literary Agent - www.uklitag.com

© Da presente edición: Hércules de Ediciones, 2018.
Tradución ao galego de Rosa Marta Gómez Pato e Manuel González González

Quinta edición: decembro de 2021


ISBN: 978-84-949176-1-5
Depósito legal: C 1982-2021

Todos os dereitos reservados. Queda prohibida a reprodución total ou parcial desta obra, por calquera medio e en calquera forma ou procedemento, sen a autorización previa por escrito do editor.

Edita: Hércules de Ediciones
R/ Cordelería, 32
15003 A Coruña
Teléfono: (+34) 981 220 585
info@herculesediciones.es
www.herculesediciones.com


 www.facebook.com/HerculesEdiciones

 [@herculesediciones](https://www.instagram.com/herculesediciones)

 [@herculesEdicion](https://twitter.com/herculesEdicion)

MORTIÑA

Texto e ilustracións de
Barbara Cantini



Tradución ao galego:
Rosa Marta Gómez Pato e Manuel González González

HÉRCULES DE EDICIONES

NOVAS LECTURAS DE HÉRCULES



Morticia non era unha nena normal. Pero ela non se sentía nin moito menos distinta. É verdade que a súa pel non tiña a típica cor rosada das nenas. Non. De feito, era moi branca. Ou, mellor dito, dunha palidez cadavérica, tirando a gris verdosa.

É si, é certo, os seus ollos eran redondos coma pelotas de tenis. E saltóns. E rodeados por unhas olleiras moradas. E que? O morado é unha cor bonita e, ademais, non estaba tan de moda?



Si, de acordo, tamén estaba aquel pequeno detalle de que, se lle daba a gana, podía separar partes do corpo como se fose unha boneca. Pero é que ela era unha zombi, unha nena zombi.



É iso, para ela, era coser e cantar.

Era xenial vivir en Vila Decadente coa tía Defuntiña.
Había moitos cuartos bonitos nos que Mortiña
podía xogar todo canto quería. E había un xardín
enorme e un souto detrás da mansión por onde
podía correr ao seu gusto todo o día. Iso si,
tendo moito tino de que ninguén a vise!

*A aldea,
non moi lonxe*



*O faiado
das arañas*

*Sala de té
da tía
Defuntiña*

*Escaleira
renxedora*

*A terrible
a oeste*


É ademais estaba o seu fiel amigo Tristeiro, un galgo albino (vivo ou morto, non se sabe) que sempre lle facía compañía e enredaba con ela. É de noite durmía aos pés da cama de Mortaña. Pero... había un PERO.



Pero... Mortaña tiña prohibido o que máis desexaba: xogar cos nenos e nenas da aldea e facer amigos.

Esta non a conezo, pero está aquí desde hai moito tempo





Mortiña, agochada, observáraos moitas veces mentres xogaban nos prados veciños a Vila Decadente. Quizais por curiosidade achegáranse ata a cancela da entrada da mansión. Pero ningún tivera a coraxe de entrar.



“Quen sabe por que?”, preguntaba para si Mortiña.



Tía Defuntiña prohibíalle deixarse ver por ninguén, e moito menos polos nenos da aldea. Tiña medo a que as descubrisen e as botasen da casa. Daquela, que sería delas? Non, non. Tiñan que procurar non chamar a atención e deixar que todos pensasen que a Vila estaba abandonada.




Unha mañá de verán, Mortiña tivo unha brillante idea: "Voume disfrazar de nena viva!". Así que se pechou no cuarto poeirento da tía Defuntiña e púxose a remexer nas cousas de maquillarse, nos peites e nas fibelas.



As fibelas da tía

Despois buscou vestidos axeitados dentro do pesado armario comesto da traza, que pertencera á avoa Nefasta.



Araña do faiado poeirento

Avoa Nefasta


Luvas de gala



Moitos,
pero moitos
devanceiros

Parece que
a Sombra lle
gusta o meu look

Satisfeita por fin, baixou para
que a tía Defuntiña a vise,
e preguntoulle:
“É agora, podo ir xogar cos
outros rapaces?”.



A tía Defuntiña botou un berro e deulle
un vaído. Cando volveu en si, agoníouse moito
e díxolle á súa sobriña que nunca ninguén
a tomaría por unha nena normal.
E unha vez máis, prohibiulle saír.

Ups!

O tío avó
Funesto vestido
de marineiro



Chegou o outono e tamén chegou o día no que Mortiña, ben agachada detrás do vello muro da mansión, sentiu falar aos rapaces dunha festa na que todos se ían disfrazar de monstros:

A FESTA DE HALLOWEEN.

Ese día a rapazada ía de casa en casa pedindo doces ou facendo pequenas trasnadas.



E foi entón cando tivo a GRANDIOSA IDEA.

Participaría na festa cos outros rapaces e finxiría que ía disfrazada para Halloween! O plan non podía fallar, pero era mellor que a tía Defuntiña non soubese nada.



A GRANDIOSA IDEA:

1



Documentarse
ben sobre a festa.



2

Escoller
un vestido
axeitado.



umm... non son unha bruxa,
mellor seguir sendo zombi...

A



Pedirlle consello
a Tristeiro,
el entende de moda.

3

Argallar algo para
distraer a tía Defuntiña...
Xa sei! Descoser a Sombra,
o gato! Así terá que ocuparse
del!



4

Buscar
un cestino
para os doces.



5


Prepararse
e marchar!





Na aldea os preparativos para a festa comezaran uns días antes. Aquí e alá apareceran xa cabazas talladas e decoradas de mil formas e tamaños, con caras divertidas, burlonas e ás veces aterradoras.

Os nenos, axudados polas mamás, dábanlles os últimos retoques aos seus monstruosos disfraces e escollían os cestiños máis grandes para meteren os doces.



Namentres, en Vila Decadente, Mortiña estaba excitadísima. Todos os días falaba seguido con Tristeiro do próximo acontecemento, tanto, que o can xa nin sequera podía botar unha sesta. E como o tempo nunca para, finalmente chegou o gran día.

O abrigo de pel negro da tia (non creio que o pona, faime gorda)



Mortiña pasou toda a mañá e as primeiras horas da tarde pedíndolle axuda ao pobre Tristeiro para escoller o vestido, amañar o cabelo e procurar que as olleiras estivesen ben moradas.




Tristeiro é un gran peruqueiro. Estudou en París!

Faltáballe só o cestiño para os doces, pero na casa non había cestiños.

Que podería levar?



Xa sei!!! O vello xoieiro da tía Defuntiña!
Entrou ás agachadas no cuarto da tía e sacoulle
as xoias para collelo prestado. Pero non era o típico
xoieiro de anciá, senón... a cabeza do tío avó Funesto!
E era difícil facelo estar calado. O tío avó
era un vello rosmón que odiaba calquera
novidade ou cambio.



Gustáballe moito quedar tranquilo a durmir unha soneca
enriba do aparador. E, de cando en vez, botar unhas paroladas
sobre os bonitos tempos pasados coa única persoa coa
que estaba de acordo: con el mesmo cando era máis novo,
na fotografía da parede. Espertou de moi mal humor
cando Mortiña o colleu, o abriu e o baleirou.
“Que pasa? Que é esta desorde? Vólveme pór axiña
o meu sombreiro, que teño frío!”. Mortiña díxolle
que o necesitaba para o serán e prometeulle
que ao outro día o poría todo no seu sitio.



“Se te portas ben, pero sobre todo se estás calado toda a tarde, limpareiche o po durante todo o ano e traereiche vermes gordos. Que che parece?”, díxolle Mortiña. Ante estas promesas, aínda que rosmando como unha cafeteira vella, o tío avó Funesto acabou por aceptar.

VERMES SOCIALIS
 Típico verme de compañía dos zombis. É moi difícil de atopar algún que estea disposto a aturar o tío avó. Ao pouco, foxen todos.

Promesa n.º 2



Pespunto da tía... eu nunca aprendín a facelo, resultame de máis aburrido.

Mortiña estaba preparada. Baixou á planta baixa na procura da tía e atopouna sentada na poltrona, ocupada en recoser a Sombra. Pensaba que se lle descoxera o rabo e a orella nalgunha das súas excursións nocturnas.

Pero fun eu!
 A tía rematará o fío gris e estaba facendo un bonito pespunto cun fío laranxa fosforescente.

Fío laranxa fosforescente
 (Sombra esta moi amolado)

*Cadro
pintado
polo avó
Féretro
de mozo*



Ao mesmo tempo a tía era capaz de xogar unha partida de xadrez coa foto do avó Féretro. E por riba ía gañando, para gran decepción do avó. Mortiña aproveitou o feito de que a tía estivese distraída para dicirlle que ía dar unha volta e que volvería un pouco máis tarde que de costume. “Vale, vale!”, dixo a señora axitando a man. Entón Mortiña saíu correndo de Vila Decadente en compañía de Tristeiro e da cabeza do tío avó Funesto. Baixou cara á entrada, atravesou o cancelo e, máis contenta ca unhas castañas, colleu pola estrada que levaba á aldea.

Axiña atopou un grupo de rapaces disfrazados
diante dunha rúa chea de casas, todas
adornadas para a ocasión.
Ían de porta en porta preguntando:
"Truco ou trato?".



Mortiña, un pouco tímida, pero disposta
a todo con tal de facer amigos,
achegouse ao grupo, saudounos
e preguntoulles se podía
unirse a eles.



Os rapaces mirárona con curiosidade, preguntáronlle quen era e quedaron abraiados co fantástico cestiño-cabeza (parecía de verdade!)



e con aquel can tan raro que ía con ela. “Como te chamas?”, preguntoulle a bruxa. “Mortiña”, respondeu ela, en voz baixa pola vergoña. “É como se chama o teu can, Martiña?”, preguntou o lobo. Mortiña respondeu que se chamaba Tristeiro e que era un galgo albino.

Despois explicoulles que había pouco que fora vivir preto da aldea. Os rapaces recibírona con entusiasmo. Mortiña estaba radiante e xuntos continuaron o percorrido polo lugar.



Gato de bruxa de verdade

“Agora estaría ben unha bonita canción de terror”,
dixo o vampiro. “Sei dunha!”, dixo a momia
e comezou a cantar. Pouco a pouco os outros
fóronse unindo.

*Era unha noite de choiva a mares
e eu saín fóra sen os tirantes.
De supeto vin un cemiterio
Que negrume! Que neboeiro!
Vagando dunha tumba a outra
vin unha moza louira, madre, que louira!
Era a pantasma da tia Gioconda
limpando a súa tumba negra e fonda*



Ao rematar a última estrofa
Mortiña exclamou: “Que casualidade! O outro día,
a miña tía Defuntiña tamén lle estaba dando unha boa
limpeza á súa tumba. Quere tela sempre ben limpa!”.
Tareixa, a nena disfrazada de bruxa, exclamou: “Que
divertida es, Martiña!”. E todos os rapaces, pensando
que Mortiña estaba de brincadeira, botáronse a rir.

Os rapaces discutían quen sería o monstro máis monstruoso de todos e o guai que sería poder ver un de verdade e mesmo coñecelo ou telo de amigo.



Mortiña estaba moi feliz. Non parecía para nada que aqueles rapaces des prezasen ou lles tivesen medo aos vampiros, zombis ou pantasmas. Ao contrario, ata competían para ver quen puña a cara máis espantosa.



“Son un vampiro. Mirade os meus dentes cairos puntiagudos”, dixo Miguel.

“Eu son unha bruxa. Mirade as miñas horrendas verrugas!”, dixo Tareixa.



“Eu son o home lobo, mirade os meus pezuños afiados!”, dixo Xanciño.

Nese momento Mortiña, que coa excitación do momento esquecera as advertencias da tía Defuntiña, amosou tamén ela a súa «aterradora especialidade».



E cun hábil movement de malabarista quitou a cabeza dándolle unhas cantas voltas e logo fíxoa rebotar sobre o seu brazo estendido, ata que a volveu coller na palma da man:
“TARARÍ! E eu son unha zombi. TARARÍ!”.

Todos a miraron cos ollos arregalados.
Mortiña quedou inmóbil, decatándose
de que se descubrira.



Produciuse un profundo silencio.

... e más silencio...



... e más silencio.

Ata que Xanciño, o máis pequecho do grupo,
rompeu o silencio e dixo:

“Pero isto é a cousa máis
ESPECTACULAR-ESPECTACULARÍSIMA do universo!!!”.




“Es unha ZOMBI DE VERDADE!!!”, berrou.
“Si, e quería dicirvos que me chamo MOrtiña,
non MArtiña!”, dixo ela.



“VIVA A NOSA
AMIGA MORTIÑA!”,
berraron todos abrazándoa.
Se puidese, Mortiña,
poríase colorada!

Desde aquel día os rapaces comezaron a ir a Vila Decadente e Mortiña finalmente tivo moitos amigos cos que xogar.



Mesmo a tía Defuntiña acabou por alegrarse, sobre todo porque aquilo quedou nun «segredo secretísimo» entre Mortiña e os rapaces da aldea. Segredo que selaron co «pacto da fraternidade monstruosa»: un baile toleirón collidos pola man baixo a lúa, no gran xardín de Vila Decadente, cada un co seu fermoso e terrorífico disfrace.





Así que: vos tamén... boca pechada!
Caladiños coma tumbas!

Barbara Cantini naceu en Florencia en 1977.
Despois de graduarse, licenciouse en cinema de animación.
Traballou de animadora en diferentes series de televisión
para a RAI ata 2011, en que gañou o concurso "Ilustrador
do ano". Desde entón dedícase a tempo completo
á ilustración, colaborando con editores norteamericanos,
ingleses e italianos. Vive preto de Florencia co seu marido,
as súas dúas fillas, tres gatos e un hámster moi valente.

